

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 14/01/2017.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiros ausentes:

D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día catorce de xaneiro de dous mil dezasete, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dous de decembro do pasado ano dous mil dezaseis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da Resolución da Alcaldía do 02/01/17, pola que se aproba a prórroga do presuposto do Concello de 2016 para ser aplicado no presente exercicio 2017 ata a aprobación do correspondente ao mesmo.

Dase conta das resolucións polas que se aprobaron as relacións provisional e definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas para a proba selectiva para a provisión en interinidade dunha praza de administrativo.

Dase conta da corrección de erros materiais no índice de ordenanzas fiscais aprobado na sesión do 08/09/16, ós efectos oportunos.

A Corporación queda enterada e conforme co contido deses acordos e correccións.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno para a ampliación da delegación vixente ata a data na Deputación Provincial, resumindo esa proposta, que literalmente di:

“FUNDAMENTOS

A Deputación provincial vén de aprobar as Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, publicadas no BOP nº 236 do 15/12/2016.

Consonte estas bases, os concellos que así o soliciten poderán delegar nos servizos da Deputación a recadación en período voluntario ou executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso municipal de carácter público.

Debido a que, por mor das limitacións existentes á contratación de persoal por parte das entidades locais, o Concello de San Sadurniño non dispón dos medios necesarios para unha correcta xestión en vía executiva dos tributos e demais ingresos municipais.

Esta limitación ten repercusións económicas nos ingresos municipais, e polo tanto tamén na obrigatoria estabilidade orzamentaria do Concello.

Perante esta situación, sería conveniente que o Concello de San Sadurniño se acollese aos servizos que oferta a Deputación neste eido.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

*1. O Concello de San Sadurniño acorda delegar na Deputación provincial da Coruña, de forma provisional mentres non sexa aceptada polo pleno da dita Deputación, a **recadación en vía executiva** de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano, que non fosen delegados previamente.*

2. Para isto, o Concello adhírese ás Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, recollidas no BOP nº 236 do 15/12/2016.

3. Nomeadamente, o Concello delegará na Deputación as competencias da recadación en vía executiva do

- *Imposto sobre construcións, instalacións e obras*
- *Sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria*
- *Taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón anual*

- *Taxa polo servizo do subministro domiciliario de auga*
- *Taxa de rede de sumidoiros*
- *Taxa por expedición de documentos*
- *Taxa por licenza de apertura de establecementos*
- *Taxa por licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer*
- *Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización de instalacións deportivas municipais*
- *Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas das vías públicas para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase*
- *Taxa polos servizos asociados á celebración de matrimonios*
- *Taxa pola tramitación de expedientes urbanísticos*
- *Taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal*
- *Taxa polo uso dos servizos e instalacións do Centro Municipal de Empresas de San Sadurniño*
- *Prezo público pola prestación do servizo de limpeza de fincas no concello de San Sadurniño*
- *Servizo de axuda no fogar do concello de San Sadurniño*
- *Expedientes de reposición da legalidade urbanística*
- *Outros ingresos de Dereito Público resultantes da instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido amosa a súa conformidade coa proposta, dadas as dificultades que conleva a recadación executiva para un concello pequeno como San Sadurniño.

O Sr. Romero manifesta a comprensión da proposta por parte do seu grupo, pero considerando que se oponen ó contido de varias ordenanzas, absteranse na votación.

O Sr. Alcalde interven brevemente para indicar que o acordo únicamene afectará á recadación en vía executiva, sen alterar as contías de ningunha ordenanza, polo que non entende a abstención do PP.

O Sr. Romero reitera que o seu grupo está en contra das taxas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a proposta de ampliación da delegación de competencias tributarias na Deputación Provincial do grupo de goberno, tal como foi formulada.

CUARTO. ACORDOS SOBRE ASOCIACIÓN A SOCIEDADE COOPERATIVA.

O Sr. Soto presenta e resume a proposta do seu grupo en relación con Nosa Enerxía, Sociedade Cooperativa Galega, que ten o seguinte tenor literal:

“FUNDAMENTOS

Á parte da crise socioeconómica que estamos a sufrir dende 2007, o Planeta tamén ten que se enfrontar a outros problemas de igual ou máis importancia. Un deles é o Cambio climático e a xestión enerxética.

As evidencias científicas e os informes das organizacións internacionais sinalan que é preciso implementar medidas urxentes para a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, a mellora da eficiencia no consumo e o incremento da produción enerxética de fontes renovables. En caso contrario, as consecuencias do Cambio climático seguirán a intensificarse.

A Unión Europea asumiu estes retos nas súas propias políticas, e son innumerables os documentos e textos legais comunitarios que recollen medidas ou peticións para un cambio rápido cara a unha economía hipocarbónica e eficiente.

Así, o Parlamento Europeo defendía, na súa Resolución do 15/12/2010 que a eficiencia enerxética é a mellor forma de reducir as emisións contaminantes e os sobregastos enerxéticos, e mesmo recoñecía que o principal problema era a falta de compromiso político a prol do cambio de modelo.

Igualmente, dende hai tempo, a UE vén reclamado dos Estados membros o incremento na produción e no emprego de recursos enerxéticos renovables, e mesmo que se promova a produción descentralizada, a escala local.

A propia Estratexia “Europa 2020”, que é o documento principal que marca as políticas fundamentais da UE para o período 2014-2020, sinala que, entre outros obxectivos, a Unión ten que acadar en 2020 o triplo 20:

- *Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro GEI un 20% (con base en 1990)*
- *Aumentar a produción de renovables un 20%*
- *E mellorar o aforro e a eficiencia enerxética un 20%*

A Estratexia marca tarefas concretas para todos os niveis administrativos, e indica que todas as autoridades nacionais, rexionais e locais deberían colaborar e asociarse co resto de axentes sociais para acadar os obxectivos perseguidos.

Na mesma dirección, o Comité das Rexións sinala no seu Ditame 2011/C42/02 que os entes locais e rexionais deben asumir o seu papel directivo, tanto na promoción do cambio social individual, como promovendo proxectos e actividades de cara a cumprir cos obxectivos previstos de eficiencia, protección do ambiente e loita contra o cambio climático.

Por outra banda, o Plan de eficiencia enerxética aprobado pola Comisión Europea en 2011 sinala que para acadar os obxectivos da Estratexia Europa 2020, o sector público debe ser o primeiro en dar exemplo e, entre outras medidas, pode facer uso da contratación pública de enerxía para promover a redución no consumo e mellorar os servizos eléctricos.

A mesma Comisión Europea vén promovendo a chamada “Contratación verde”, segundo a cal as Administracións deben empregar a contratación pública para requirir ás empresas contratadas que

oferten materiais máis sustentables, ou que teñan métodos de produción respectuosos co ambiente.

Neste contexto, o Concello de San Sadurniño concorda coas preocupacións e apreciacións indicadas anteriormente e quere facer patente o seu compromiso a prol da eficiencia enerxética e do uso de fontes renovables de enerxía.

Asemade, debido ás presións políticas e dos mercados contrarias ao cambio, o Concello considera que o sector público debe asumir o liderado na implantación das políticas de sustentabilidade, de cara a dar exemplo e propor solucións aos problemas que encaramos.

Por estes motivos o Concello considera que é necesario actuar e promover o consumo de enerxía proveniente de fontes renovables.

Dado que o mercado eléctrico do Estado está dominado por un oligopolio de grandes grupos, que ningunha das compañías meirandes cumpre cos obxectivos mínimos de produción renovable, e que o sistema de tarificación da enerxía non ten en conta as verdadeiras incidencias no ambiente da súa produción, faise preciso procurar outras opcións que ofrezan produtos económica, social e ambientalmente máis sustentables.

Neste contexto, recentemente creouse unha cooperativa galega de comercialización de enerxía renovable, denominada Nosa Enerxía, Sociedade Cooperativa Galega. Esta iniciativa xorde a imaxe doutras entidades semellantes que xa existen noutras partes do Estado e da UE. Cómpre salientar que só en Alemaña hai 12.000 cooperativas locais de enerxía, que son fundamentais para a democratización da produción e da distribución da enerxía.

Consonte o artigo 18 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, as persoas xurídicas públicas, e polo tanto os concellos, poden facer parte das cooperativas como socias.

Polo tanto, o Concello coida que tanto o obxectivo da entidade citada (a comercialización de enerxía "verde") como a súa propia natureza (entidade de economía social, e polo tanto democrática), son acordes co vieiro estratéxico que segue o Concello no marco da sustentabilidade, do apoio das enerxías renovables e da economía alternativa.

Por todos estes motivos propomos que o Concello de San Sadurniño, se integre na dita cooperativa, como entidade socia, e posteriormente contrate, na medida do posible, diferentes subministros de electricidade que estean certificados como provenientes de fontes de enerxías renovables.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

- 1. Que o Concello de San Sadurniño se integre, como entidade socia, en Nosa Enerxía, Sociedade Cooperativa Galega.*
- 2. Delegar no Alcalde a representatividade do Concello na dita cooperativa, así como a potestade para realizar as xestións precisas para materializar a integración.*
- 3. Instar aos servizos municipais a que se proceda a contratar á devandita entidade, na medida das posibilidades legais, organizativas e operativas existentes, a comercialización de electricidade certificada de fontes renovables."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo

93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Lourido para amosar a súa conformidade coa proposta, que está na liña dos sistemas de comercialización existentes noutros países europeos dos que debemos tomar exemplo nesta materia.

O Sr. Romero interven de seguido para dicir que as tarifas desta cooperativa comercializadora son das máis caras do mercado segundo se pode consultar en internet, polo que o asesor enerxético debería informar sobre o asunto. Hai ademáis moi poucos concellos asociados polo momento, polo que o único bo que se pode dicir da proposta é que se trata dunha compañía galega.

O Sr. Soto resposta que o PP está a favor do modelo de Gas Natural e Iberdrola, como demostraron no caso de Sogama, e recomenda un mellor seguimento dos asuntos municipais, xa que hai meses que non hai asesor enerxético, e esas funcións as ven realizando a empresa que presta o servizo de mantemento eléctrico. Di tamén que as diferencias nos prezos de comercialización son mínimos, de escasos céntimos, que soamente se prevé contratar polo momento dous ou tres subministradores de potencia inferior a 10 kw, e que se trata dun xesto en favor dun novo modelo de comercialización da enerxía e un apoio á cooperativa de que se trata, que é a primeira en Galicia.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a proposta de integración en Nosa Enerxía, Sociedade Cooperativa Galega do grupo de goberno, tal como foi formulada.

URXENCIA. Antes de pasar ó quinto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde propón ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal, xustificando a urxencia do asunto na necesidade de que as modificacións estean en vigor en marzo, cando comeza o prazo de matrícula na EIM, e na imposibilidade de abordar o asunto con anterioridade, debido a que a conformidade da Xunta co texto proposto chegou cando a presente sesión xa estaba convocada.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda considerar a moción urxente, ordenado que se pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A ROLADA".

Dase conta da necesidade de introducir varias modificacións de detalle no Regulamento da Escola Infantil Municipal, coa finalidade de atender ó solicitado pola empresa adxudicataria da súa xestión, axustar o seu réxime de funcionamento á experiencia dos primeiros cursos, introducir modificacións suxeridas polos técnicos municipais e pola Comisión de seguemento e recoller

tamén algúns cambios normativos. Dase conta neste sentido do contido do informe da responsable municipal da Escola e das últimas actas da Comisión de seguemento.

Todas as modificacións se recollen no texto íntegro do Regulamento de que se trata, que figura no expediente da presente sesión.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido amosa a conformidade do seu grupo coas modificacións recollidas na proposta, polo que apoiará a súa aprobación.

O Sr. Romero tamén anticipa o apoio do seu grupo, aínda que non tiveron tempo de examinar suficientemente o contido da proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda aprobar provisionalmente a modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal "A Rolada", e ordear a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

De seguido, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non habendo solicitudes nese sentido, pásase ó seguinte e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas.

QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Lourido formula o rogo de que se informe ós concelleiros dos contratos que asine o Concello, aínda que non sobreparen a contía legalmente establecida, especialmente os que poden permanecer en vigor á finalización do mandato desta corporación. O Sr. Alcalde indica os contratos que están en preparación neste momento, os de mantemento de zonas verdes, limpeza de dependencias municipais e mantemento informático, e sinala que tampouco hai problema en reducir a duración total dos contratos en xeral, aínda que non hai ningún que supere a lexislatura sen prórroga.

O Sr. Romero critica que o presuposto tivera que entrar en prórroga e pregunta pola consignación para a indemnización que o Concello ten pendente cunha cooperativa local polo incumprimento dun convenio. O Sr. Alcalde resposta que no presuposto de 2016 xa figuraba esa partida e que o do 2017 aínda non está aprobado polo retraso de dúas administracións gobernadas polo PP na aprobación dos seus, dos que dependen os dos concellos en asuntos como as retribucións do persoal.

Seguidamente, o Sr. Romero pregunta polo uso que se lle da ó local cedido por FEVE ó Concello na estación de Silvalonga. O Sr. Alcalde resposta que se está a usar como almacén de bens de propiedade do Concello.

Interven de seguido novamente o Sr. Romero para preguntar porqué se seguen a usar polo Concello terreos pertencentes á cooperativa, tras a anulación do convenio polo que se cederon ó Concello. O Sr. Alcalde resposta que soamente se usan nesa zona terreos municipais, como para a Feira Rural, e os da cooperativa soamente previa solicitude de autorización.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,